

NORMATIVA DE PERMISOS E LICENZAS DO PDI

(Aprobada polo Consello de Goberno de 05/10/2005 e modificada polo Consello de Goberno de 20/04/2009)

1. Ademais dos permisos e licenzas ás que teña dereito o profesorado, de acordo coa lexislación vixente, o persoal docente e investigador poderá solicitar licenzas de estudos para realizar actividades docentes e investigadoras nunha universidade, institución ou centro nacional ou estranxeiro. A duración máxima das licenzas será de un ano.
2. As licenzas de estudo de duración igual ou menor de *15 días naturais*, serán concedidas polo director do departamento por delegación do reitor, debendo especificarse na concesión a persoa suplente nas obrigas docentes ou a maneira na que será recuperada a docencia e dando conta ao decano ou director do centro correspondente.
3. As licenzas de estudo *superiores a quince días naturais e de duración igual ou inferior a tres meses* serán concedidas polo reitor. O profesor autorizado terá dereito a percibir a totalidade das súas retribucións. Con antelación mínima de sete días naturais sobre o inicio previsto da estada, presentárase a solicitude de licenza, acompañada dun documento no que se acredite a aceptación do solicitante, por parte da institución na que se vaian realizar as actividades, así como do informe favorable do Consello de Departamento, no que conste a suplencia do profesor durante a súa ausencia.
4. As licenzas de duración *superior a tres meses* serán concedidas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). No tempo que exceda dos tres meses, o profesor autorizado terá dereito a percibir o 80% das súas retribucións, agás que a licenza corresponda a un programa oficial de mobilidade do PDI que fixe outra porcentaxe. A solicitude farase do mesmo xeito que no punto anterior, cunha antelación mínima de 30 días naturais.
5. Poderán autorizarse licenzas previstas nos apartados 3 e 4 sen retribución. Neste caso, ou nos casos de licenzas correspondentes a programas oficiais de mobilidade con financiación destinada á universidade para tal fin, o departamento poderá solicitar profesorado de substitución.
6. En casos excepcionais, as licenzas de un ano de duración poderán prorrogarse por outro máis como máximo, de acordo co procedemento establecido nos puntos anteriores. No tempo que exceda do ano, o profesor non percibirá retribución.